# COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 16/09/2008

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia
Silleda - Pontevedra
Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 128.786 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 631 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 593 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 86 | 90 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 113 | 161 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 130 | * |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 317 | 220 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 332 | 231 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 341 | 277 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | * | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 353 | * |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 480 | 379 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 299.298 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 435 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 412 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|---|---|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 1.400 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 975 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 550 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 274 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 59.924 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 93 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 77 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| RAZA FRISÓN | 1,41 | 1,64 |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 2,31 | 2,39 |
| RAZA RUBIA GALEGA | 2,53 | 2,57 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Semana 38

# MESAS DE PREZOS SEMANA DO 16/09/2008

## PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS KG. | DIF. |
|---|---|---|
| CARNICEIRO | 1,540 | -0,06 |
| SELECTO | 1,295 | -0,06 |
| NORMAL | 1,270 | -0,06 |
| CASTRADO | 1,540 | -0,06 |
| CANAL II | 1,649 | -0,078 |
| DESVELLE | 0,83/0,89 | 0,00 |

**Importante baixa tras seis semanas con estabilidade nas cotizacións:** Cun certo atraso en relación a anos pasados, as cotizacións baixan do seu máximo estival; xa se ten afirmado ao longo dos meses pasados a anomalía do presente ano, que fai que as previsións para as vindeiras semanas non estean de todo claras nestes momentos, ainda que a corrente maioritaria sexa pesimista. Conflúen dados de mercado contradictorios: a oferta no centro peninsular reduciuse, mentras que noutras zonas (Noreste Peninsular e Galiza) esta redución non foi cuantitativamente significativa. E existen tamén problemas na demanda final, o que impide revalorizacións no despece.

**Análise de mercado:** A situación vóltase na presente semana lixeiramente inestábel; **Pesos:** soben ainda que se atopan nuns parámetros normais para esta época do ano, destacándose unha boa oferta, e unha alta demanda; **Prezos Europeos**: as cotizacións no norte de Europa voltaron por segunda semana a baixar ainda sendo superiores ás peninsulares; en canto aos **insumos**, destaca a estabilidade relativa dos cereais tras os descensos pasados, xunto coa estabilidade dos carburantes, o que fai que a produción manteña que o custo de produción non baixe no presente ano dos 1,20 €/quilo. A crise non é xa polo tanto de produción, senón de rendabilidades e desta vez, tamén para os matadoiros. **Rematouse o verán.**

## BACORIÑOS

| BASE 20 KGS. | EUROS KG. | UNIDADE | DIF |
|---|---|---|---|
| SELECTO | 1,50 | 30,00 | 0,00 |
| NORMAL | 1,45 | 29,00 | 0,00 |

**Enfríase o mercado dos bacoriños:**
A suba de tres euros nas últimas dúas semanas marcaron unha tendenza moito máis importante ca cuantitativa. Despois de oito semanas consecutivas de repetición, precedidas de seis semanas sen cotización, calquer incremento se interpretaba como un signo moito máis positivo que a cuantía en si; e do mesmo xeito o parón da presente semana, preocupa de novo á produción, que segue cunhas cotizacións moi inferiores aos custos de produción.

**Análise de mercado**: Cun mercado claramente en movemento e despois da parálise dos meses anteriores, as previsións eran un pouco esperanzadoras; mais segundo ía pasando a semana pasada, o mercado enfriouse, o que se trasladou á Lonxa en forma de estabilidade; a oferta comeza a ir a menos ainda que de momento é suficiente para o que se demanda; manteñense unhas previsións positivas ainda que pendentes da evolución do prezo do cebo no que resta de ano e tamén do prezo dos tostóns (custa atopar dispoñibilidades en fresco) o que poden empurrar ao leitón neste final de ano.

## *OVOS*

| CLASE | EUROS BRANCOS | DIF. | MOUROS | DIF. |
|---|---|---|---|---|
| XL | 1,58 | 0,00 | 1,58 | 0,00 |
| L | 1,25 | 0,00 | 1,25 | 0,00 |
| M | 1,11 | 0,00 | 1,11 | 0,00 |
| S | 0,87 | 0,00 | 0,87 | 0,00 |

**Estabilidade no mercado dos ovos:**
Tras as variacións á alza nas dúas primeiras semanas de setembro tan só na gramaxe máis alta (XL), a estabilidade voltou na presente semana a todas as gramaxes do ovo. Ainda que as existencias baixaron lixeiramente na semana pasada, non existiron variacións significativas a nível europeo que poidan marcar unha modificación de prezo a moi curto prazo.
Porén comézase a partires do presente mes a época estacional de alzas (e de cotizacións máximas) polo que a cotización do ovo debería acabar o presente ano con cotizacións sensiblemente superiores ás actuais.

## *GALIÑAS DE DESVELLE*

| | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS | 0,17/0,29 | 0,00 / +0,02 |

**Lixeira suba no tramo alto das galiñas de desvelle:** A firmeza do mercado das galiñas viuse truncado tras quince semanas (a estabilidade nas cotizacións repetiuse dende a última semana de abril ata mediados de agosto), motivado por un incremento na oferta (reposición de galiñas), facendo que as cotizacións caeran de xeito pronunciado. Mais co incremento de hoxe no tramo alto, indícase xa que a oferta remite, podendo incrementarse as cotizacións lixeiramente nas próximas semanas.
As cotizacións son inferiores ás rexistradas no 2007. **(-21,62%).**

## *COELLO*

| GRANXA EN VIVO | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| NOVO | 2,02 | +0,15 |

**Ainda coas últimas subas, a situación non é estábel:** Ainda que dende a primeira semana de agosto ata esta, o coello revalorizouse 83 céntimos cunha suba de case o 70% en tan só seis semanas, pasando do limiar dos 2,00 €/quilo e por primeira vez en moitos meses dos custos de produción, a situación non se considera consolidada; haberá que agardar ao final do presente mes (cando se agrava a situación económica das familias) para ver na súa auténtica dimensión a tendenza do consumo.

**LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA**
Recinto feiral, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.aferial.com / www.agrolonxa.com / www.feiragalicia.com
xabier@agrolonxa.com

**En colaboración coa:**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
medio rural